



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EXTRAORDINARIA DO 30 DE NOVEMBRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00054382E

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. Prórroga contrato “Servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela”.

Acórdase prorrogar o contrato de “Servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello de Santiago de Compostela” subscrito coa empresa FERROVIAL SERVICIOS, S.A. polo prazo de SEIS MESES a contar dende o 1 de decembro de 2021 ata o 31 de maio de 2022.

O gasto necesario (560.122,74 euros) financiarase con cargo á aplicación 040 33403 2279900, de acordo co seguinte desglose por anualidades e quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no vindeiro exercicio orzamentario:

Anualidade 2021: (01/12/2021 ata 31/12/2021): 93.353,79 euros.

Anualidade 2022: (01/01/2022 ata 31/05/2022): 466.768,95 euros.

3. Aprobación do texto do convenio entre a Axencia Turismo de Galicia, Abanca Corporación Bancaria S.L. e o Concello de Santiago de Compostela para a colaboración nas festas do Apóstolo 2021.

Apróbase o texto do convenio entre a Axencia Turismo de Galicia, Abanca Corporación Bancaria S.L. e o Concello de Santiago de Compostela para a colaboración nas festas do Apóstolo 2021, por unha contía de 50.000 euros. .

As actividades concretas obxecto do convenio son os concertos que se celebran na Praza da Quintana.

A Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades anteditas cunha achega de 40.000€. ABANCA colaborará nas accións descritas cunha achega de 10.000€, en concepto de patrocinio.

A vixencia do convenio será até o 31 de decembro de 2021 e non será prorrogable, sen que o Concello e a empresa asuman ningún outro compromiso máis que os recollidos no convenio. O Concello de Santiago non contrae ningún tipo de obriga económica nin gasto adicional como consecuencia da sinatura do convenio proposto.

4. Aprobación e sometemento a información pública da proposta de estrutura de custos, a súa publicación no BOP e posterior envío a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Xunta de Galicia.

Apróbase a estrutura de custos dos "SERVIZOS ENERXÉTICOS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA", e acórdase someter a información pública no Boletín Oficial da Coruña, por un prazo de 20 días hábiles. Transcorrido este prazo sen recibir alegacións ao respecto remitirase á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Xunta de Galicia.